

## CONDICIONS XERAIS DO PROGRAMA

### 1-Obxecto

Dende a Concellería de servizos sociais e discapacidade do Concello de Monforte de Lemos retómase as actividades do proxecto "Activa Monforte" no ano 2018, a desenvolver nos meses de **outubro, novembro e decembro**, o cal ten a finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas

maiores, promover a participación social da poboación, posibilitar espazos de encontro interxeracional e dinamizar os núcleos rurais.

### 2-Actividades e prazas convocadas nas parroquias

Ofertanse un total de 5 actividades e de **240 prazas** que son gratuítas para as persoas participantes e subvencionadas no 100% polo Concello:

Ximnasia de mantemento, conservando a memoria, manualidades, baile e risoterapia.

### 3-Beneficiarios

Poderán solicitar algunha das actividades ofertadas os representantes das parroquias sempre que dispoñan dun local con condicións axeitadas

para desenvolver a actividade. Solicitarase unha actividade das ofertadas.

Terán preferencia na participación da actividade concedida os veciños/as da parroquia. No caso de existir prazas vacantes poderán participar

os veciños doutras parroquias.

### 3-Requisitos das persoas participantes nas actividades

De forma excepcional, e previa valoración dos servizos sociais, poderase eximir dalgún dos requisitos establecidos de forma xeral.

### 4-Prazo e lugar de presentación de solicitudes de participación

O representante da parroquia presentará o modelo normalizado de solicitude presencialmente no Rexistro do Concello ou na Secretaría do Cen-tro cívico social en horario de 9,00 a 14,00h ou no rexistro telemático do **04/09/2018 ó 14/09/2018**.

As persoas interesadas en participar na actividade concedida dirixirse ó representante da parroquia para que proceda a inscribilo na actividade

facilitando os datos necesarios (nome e apelidos, DNI, data de nacemento). O prazo estará aberto ata cubrir prazas ofertadas en cada actividade.

### 5- Procedemento de concesión de actividades

Os servizos sociais comunicarán a concesión da actividade solicitada no prazo de 1 semana desde o prazo de finalización de solicitudes. No caso de imposibilidade de realizar a actividade solicitada por non existir dispoñibilidade de monitor proporase a participación noutra actividade das ofertadas.

Terase en conta a preferencia de horarios para realizar a actividade concedida aínda que estará condicionada á dispoñibilidade horaria do monitor/a.

No caso de renunciar á actividade concedida presentarán a renuncia por escrito no Rexistro municipal ou por correo electrónico (servizossociais@concellodeMonforte.com)

### 5- Condicións específicas

Para poder desenvolver a actividade é preciso dispor dun local que reúna condicións axeitadas para desenvolver a actividade e non supoña un risco para os participantes.

- O representante da parroquia será o encargado de publicitar a actividade concedida, así como informar e inscribir ás persoas interesadas en participar consonte ós requisitos establecidos.

- Unha semana antes ó inicio da actividade o representante da parroquia remitirá ós servizos sociais a listaxe de persoas participantes, segundo o modelo facilitado para realizar comprobación cumprimento requisitos e confirmar a asignación da praza.

- Teñen preferencia para participar os veciños que residen na parroquia, máis admitirase a participación na actividade de persoas que residen noutras parroquias sempre e cando existan prazas dispoñibles.

- No caso de que a demanda sexa superior á oferta de prazas na parroquia elaborárase unha lista de agarda na actividade, que no caso de producirse algunha vacante, será chamada por orde de prelación na lista.

- Producirase a baixa da actividade e a perda de dereitos automaticamente no caso de que a persoa participante acumule 3 faltas sen xustificar.

- Para iniciar a actividade é necesario que estén cubertas o 75% de prazas e non deberá baixar durante o desenvolvemento do 50%.

- O Concello reservárase o dereito de anulación de calquera das actividades se non existe o número de inscricións suficientes ao inicio das mesmas, así como adoptar medidas oportunas no caso de non cumprir o mínimo de prazas durante o seu desenvolvemento.

- As persoas participantes deberán levar o material requirido na actividade escollida

# PROGRAMA "ACTIVA" MONFORTE OUTUBRO-DECEMBRO 2018



## ACTIVIDADES NAS PARROQUIAS

-LOCAIS SOCIAIS

ACTIVIDADES *GRATUÍTAS* PARA OS/AS VECIÑOS/AS :

MÁIS INFO: NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

1ª PLANTA DO CENTRO CIVICO-SOCIAL

PASEO DO MALECÓN S/N

982 416 541



